

OUTRAS MÚSICAS SON POSIBLES

PROGRAMA DE CONCERTOS DIDÁCTICOS

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Luns 12 e martes 13 de maio de 2025

Lugar: Auditorio do CGAC

Horarios: 10:30-11:30 h. Primeira quenda

12:00-13:00 h. Segunda quenda

Entrada de balde con inscrición previa

DIRECCIÓN: Xacobe Martínez Antelo



Este programa ten como obxectivo achegar a música contemporánea ao público infantil e despertar nas novas xeracións a curiosidade pola arte do noso tempo.

Ensemble Liberdade emprega técnicas de vangarda como a *sound painting* (pintura sonora) para compoñer material musical en tempo real; utiliza unha linguaxe de signos propia para comunicarse e recorre á improvisación como materia prima na procura de novas fórmulas para deconstruír os usos compositivos máis frecuentes.

Durante as sesións, abordarase a construción de diversas pezas musicais en directo, dunha maneira amena, práctica e participativa. O público terá a oportunidade de vivir en primeira persoa o proceso de creación dunha peza musical e de mergullarse de cheo na experimentación sonora.

Coa axuda dunha guía didáctica de apoio, o alumnado poderá reflexionar previamente na aula sobre cuestións como: que é música e que non o é?, por que nos gusta unha música e outra non?, onde podo atopar a música que me interesa?, hai músicas demasiado complexas?, ou demasiado simples?, hai músicas boas e músicas malas?

Ensemble Liberdade é un grupo de cámara composto por un cuarteto de corda, un trío de ventos e percusión. Está integrado por: Elena Vázquez, violín; María José Pámpano, viola; Macarena Montesinos, violonchelo; Saúl Puga, contrabaixo; Diego Alonso, saxo soprano; Xosé Miguélez, saxo tenor e gaita galega; Javier Pereiro, trompeta; LAR Legido, batería e percusións, e Xacobe Martínez Antelo, dirección

Este programa tiene como objetivo acercar la música contemporánea al público infantil y despertar en las nuevas generaciones la curiosidad por el arte de nuestro tiempo.

Ensemble Liberdade emplea técnicas de vanguardia como la *sound painting* (pintura sonora) para componer material musical en tiempo real; utiliza un lenguaje de signos propio para comunicarse y recurre a la improvisación como materia prima en busca de nuevas fórmulas para deconstruir los usos compositivos más frecuentes.

Durante las sesiones, se abordará la construcción de diversas piezas musicales en directo, de una manera amena, práctica y participativa. El público tendrá la oportunidad de vivir en primera persona el proceso de creación de una pieza musical y de sumergirse de lleno en la experimentación sonora.

Con ayuda de una guía didáctica de apoyo, el alumnado podrá reflexionar previamente en el aula sobre cuestiones como: ¿qué es música y que no lo es?, ¿por qué nos gusta una música y otra no?, ¿dónde puedo encontrar la música que me interesa?, ¿hay músicas demasiado complejas o demasiado simples?, ¿hay músicas buenas y músicas malas?

Ensemble Liberdade es un grupo de cámara compuesto por un cuarteto de cuerda, un trío de vientos y percusión. Está integrado por: Elena Vázquez, violín; María José Pámpano, viola; Macarena Montesinos, violonchelo; Saúl Puga, contrabajo; Diego Alonso, saxo soprano; Xosé Miguélez, saxo tenor y gaita gallega; Javier Pereiro, trompeta; LAR Legido, batería y percusiones, y Xacobe Martínez Antelo, dirección

DESTINATARIOS

Grupos de escolares do terceiro ciclo de educación primaria.

INSCRIPCIÓN

O prazo de inscrición estará aberto do 25 de marzo ao 30 de abril de 2025. Os centros interesados deberán enviar unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal cos seguintes datos: nome do centro, número de participantes, curso ou idade, número de teléfono, enderezo electrónico e nome da persoa responsable do grupo.

As prazas cubriranse por orde de inscrición e os centros solicitantes recibirán unha notificación do estado da súa solicitude por correo electrónico.

PAZAS: 250 por quenda

DESTINATARIOS

Grupos de escolares del tercer ciclo de educación primaria.

INSCRIPCIÓN

El plazo de inscripción estará abierto del 25 de marzo al 30 de abril de 2025. Los centros interesados deberán enviar un mensaje de correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal con los siguientes datos: nombre del centro, número de participantes, curso o edad, número de teléfono, dirección de correo electrónico y nombre de la persona responsable del grupo.

Las plazas se cubrirán por orden de inscripción y los centros solicitantes recibirán una notificación del estado de su solicitud por correo electrónico.

PLAZAS: 250 por turno

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703, Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602/31 • cgac.educacion@xunta.gal

CGAC

CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

